

NOTA ENVIADA Á PRENSA E Ó COLEXIO DE MÉDICOS DE PONTEVEDRA

A Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios (FSS) de CCOO de Galicia exíselle respecto profesional ó Colexio de Médicos de Pontevedra. A ENFERMARÍA É CIENCIA, NON UN BULO DE INTERNET

Desde a FSS de CCOO de Galicia manifestamos a nosa máis absoluta indignación e o noso máis enérxico rexeitamento ante a intolerable campaña publicitaria lanzada polo Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra.

Baixo o pretexto de defender a ciencia, esta institución decidiu pisotear a dignidade do colectivo da Enfermería, situando a frase "Díxomo a miña enfermeira" ao mesmo nivel ca a Intelixencia Artificial, un vídeo calquera de internet ou os consellos cuñadistas de WhatsApp.

¡Xa abonda de desprezo! Esta intolerable equiparación non é un erro de deseño; é unha mostra do rancio e obsoleto sesgo xerárquico que algunhas organización preconstitucionais pretenden perpetuar. As enfermeiras e enfermeiros son profesionais con titulación universitaria, especialistas, investigadores e xestores. A práctica clínica fundaméntase estritamente na evidencia científica e no rigor académico. Non emiten opinións ao azar nin ocorrencias de redes sociais; emiten diagnósticos de coidados e salvamos vidas a diario en primeira liña.

Con este ataque, o Colexio de Médicos non só insulta unha profesión irmá, senón que rompe unilateralmente a unidade e o respecto mutuo que esixe o traballo en equipo multidisciplinar na sanidade pública. Fomentar a desconfianza da persoa usuaria cara á súa enfermeira de referencia é unha irresponsabilidade

maiúscula que dinamita a calidade asistencial e atenta directamente contra a seguridade dos pacientes.

Se o lema da campaña é "Confía na ciencia", lembrámoslles que a **Enfermaría É ciencia**. Non imos tolerar que se degrade á enfermería ao nivel do intrusismo dixital para alimentar egos corporativistas.

Esiximos a retirada inmediata desta publicidade insultante e unha rectificación pública formal por parte das persoas responsables deste atropelo á profesión.